



Financiado pola Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA



Plan de Recuperación,
Transformación
e Resiliencia



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



As Pontes de
García Rodríguez

Número 79 /2025

CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ PARA LEVAR A CABO A CREACIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA A PRÁCTICA DE TURISMO NÁUTICO NAS PONTES, NO MARCO DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO FRAGAS DO EUME, FINANCIADO CON FONDOS DE PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU_PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO FRAGAS DO EUME (EIXO 4.ACTUACIÓN 12).

A Coruña, a 12 de setembro de 2025

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante.

REUNIDOS

Dunha parte Don Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria.

Doutra parte, Don Valentín González Formoso, en representación do Concello das Pontes de García Rodríguez, que intervén na súa calidade de Alcalde do Concello das Pontes e conforme as competencias que ten atribuídas.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e

representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación.

MANIFESTAN

Primeiro.- A Deputación Provincial da Coruña presentou un Plan de Sostibilidade Turística en Destino ao Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, cuxas bases están reguladas pola *Estrategia de sostenibilidad turística en destinos* (2021).

Segundo.- Que a citada proposta presentouse baixo a modalidade de “Proxecto en cooperación”, e polo tanto as partes formalizan as súas relacións mediante acordos de cooperación para establecer os seus dereitos e obrigas no desenvolvemento da actuación “Creación de equipamentos para a práctica de turismo náutico nas Pontes” dentro do marco do PSTD Fragas do Eume.

O orzamento da actuación é de TRESCENTOS CORENTA E UN MIL TRESCENTOS CATRO EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (341.304,56€) e cunha contribución da Unión Europea do 100%.

Dado o interese da Deputación e o Concello das Pontes de García Rodríguez para a realización da dita actuación, ambas as partes acordan formalizar o presente convenio en base as seguintes cláusulas.

Por todo o exposto, as partes:

ACORDAN:

Formalizar o presente convenio conforme as seguintes cláusulas:

1. PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello das Pontes de García Rodríguez para levar

a cabo a actuación “Creación de equipamentos para a práctica de turismo náutico nas Pontes” dentro do marco do PSTD Fragas do Eume” do PSTD Fragas do Eume.

Trátase dunha actuación de mellora da competitividade do destino encamiñada a adecuar o acceso ao lago das Pontes para a practica de deportes acuáticos permitindo ademais o depósito de embarcacións previo ao acceso á auga.

2. SEGUNDA. ORZAMENTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

O orzamento máximo de execución da actuación obxecto deste convenio é de TRESCENTOS CORENTA E UN MIL TRESCENTOS CATRO EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (341.304,56 €), IVE incluído.

A inversión levaranse a cabo a través da seguinte actuación:

Actuación	Denominación	Orzamento
12	Creación de equipamentos para a práctica de turismo náutico nas Pontes	341.304,56 €

O prazo de execución máximo estimado dos traballos será o estipulado nos Pregos da actuación que en calquera caso non poderá exceder da data fin da Addenda ao Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume no marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU, ou en data posterior de realizarse a prórroga do dito convenio coa Axencia Turismo de Galicia.

3. FINANCIAMENTO

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento da actuación con fondos do PSTD Fragas do Eume, financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega provincial máxima de 341.304,56 euros con cargo á aplicación orzamentaria, o que representa unha porcentaxe do 100%.

O detalle recollese a continuación:

Actuación	Denominación	Aplicación orzamentaria
12	Creación de equipamentos para a práctica de turismo náutico nas Pontes	0510/4327/650 Código de proxecto 2022.3.81990.4.

2. Ausencia de dobre financiamento: A execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia debe respectar os límites establecidos en relación coas axudas de Estado e a prevención do dobre financiamento procedente do Mecanismo e doutros programas da Unión dos mesmos gastos.

Para esta actuación o Concello das Pontes de García Rodríguez acredita, coa firma deste Convenio, a ausencia de dobre financiamento.

4. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. COMPROMISOS DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

En virtude da sinatura do presente convenio o concello das Pontes de García Rodríguez comprométese a:

1. Solicitar vía rexistro electrónico o inicio dos tramites necesarios para levar a cabo a actuación.
2. Presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade do terreo de actuación, libre de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións que se describan no proxecto "Creación de equipamentos para a práctica de turismo náutico nas Pontes" como trámite previo á incoación do expediente de licitación das obras pola Deputación da Coruña.
3. Asumir a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, cando estas fosen necesarias, correndo cos custos que se xeren.

4. Aportar o proxecto de execución de obra.
5. Asumir a dirección de obra e a dirección de execución de obra.
6. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto “Creación de equipamentos para a práctica de turismo náutico nas Pontes”
7. Comunicar á deputación da Coruña calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento do proxecto.
8. Unha vez realizadas as obras pola Deputación da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello das Pontes de García Rodríguez, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo esta a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do Concello das Pontes de García Rodríguez.
9. O Concello das pontes de García Rodríguez facilitará de conformidade coa cláusula Décima.4 da Addenda ao Convenio coa Axencia de Turismo de Galicia de data 10 de decembro de 2024, as achegas adicionais de documentos ou datos aclaratorios que a Axencia de Turismo de Galicia poida requirir.
10. O Concello das Pontes de García Rodríguez obrígase a someterse a actuación control e seguimento da aplicación de fondos destinados ao proxecto subvencionado que se lle requira á comunidade autónoma, mediante a verificación de documentos e á avaliación continua e final por parte da Secretaría de Estado de Turismo, así como ao control financeiro dos mesmos pola *Intervención General de la Administración del Estado* e o *Tribunal de Cuentas* e órganos estatais e europeos que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do *Mecanismo de Recuperación e Resiliencia*, en particular a *Comisión europea*, o *Tribunal de Cuentas Europeo*, a *Oficina Europea de Lucha contra el Fraude (OLAF)* e a *Fiscalía europea*, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas, asumindo a Asociación a responsabilidade dun eventual reintegro por parte da Deputación dos fondos recibidos por ésta ao

Tesoro Público motivado por incumplimentos totais ou parciais destes concellos segundo o disposto na *Resolución de 23 de diciembre de 2021, de la Secretaría de Estado de Turismo, por la que se publica el Acuerdo de la Conferencia Sectorial de Turismo, por el que se fijan los criterios de distribución, así como el reparto resultante para las comunidades autónomas, del crédito destinado a la financiación de actuaciones de inversión por parte de entidades locales en el marco del Componente 14 Inversión 1 del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.*

11. Dar publicidade destas actuacións cumprindo o establecido co indicado no punto VII deste Convenio (Publicidade do Financiamento).

2. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

En virtude da sinatura do presente convenio a Deputación da Coruña comprométese a:

1. Contratar a execución de obra da “Creación de equipamentos para a práctica de turismo náutico nas Pontes” de acordo co disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.
2. Contratar a coordinación de seguridade e saúde e aboar os gastos que diso se deriven.
3. Contratar o control de calidade da obra e aboar os gastos que diso se deriven.
4. Aboar as certificacións mensuais que emita o director de obra e que serán remitidas á Deputación da Coruña para a seu pago con cargo ao PSTD Fragas do Eume.
5. Comunicar ao concello das Pontes de García Rodríguez, cunha antelación de dez (10) días como mínimo, a data e hora para o acto de recepción das obras pola Deputación da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo concello das Pontes de García Rodríguez, xunto co técnico

competente que determine.

O técnico municipal elaborará informe de conformidade coa recepción. De presentar algún elemento desconforme a Deputación deberá proceder a realizar as actuacións que correspondan para obter o carácter favorable da valoración técnica municipal.

A acta de recepción das obras será asinada por un interventor da Deputación da Coruña, ou as persoas nas que deleguen, o director de obra e unha persoa técnica do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios ou do Servizo de Arquitectura e Mantemento.

A acta de entrega da obra rematada ao Concello das Pontes terá lugar o mesmo día da dita acta de recepción ou nun prazo non superior á 15 días.

6. As modificacións do contrato só se poderán realizar por razóns de interese público nos supostos previstos nos artigos 204, 205 e 242 da LCSP.
7. Dar publicidade destas actuacións cumprindo o establecido co indicado no punto VII deste Convenio (Publicidade do Financiamento).

5. POSTA A DISPOSICIÓN DO TERREO

O Concello das Pontes de García Rodríguez pon a disposición da Deputación o terreo con referencia catastral 15071A045001030000YB á fin de que se poidan executar as obras de Creación de equipamentos para a práctica de turismo náutico nas Pontes.

6. AUTORIZACIÓN

O Concello das Pontes, como entidade beneficiaria é a responsable de tramitar as correspondentes licencias e autorizacións sectoriais coa máxima dilixencia así como a remisión de ditas autorizacións á Deputación da Coruña.

7. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO

En relación á publicidade do financiamento dos Fondos Next Generation EU (Financiados pola Unión Europea), as partes deberán cumprir o establecido na seguinte normativa de aplicación:

1. Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Capítulo VIII. Artigo 34. Información, comunicación e publicidade.
2. Acordo de Financiamento entre España e a Comisión Europea. Artigo 10. Publicación de información, visibilidade do financiamento da Unión e dereito de uso.
3. Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Capítulo III Instrumentos de xestión pública. Artigo 23.7
4. Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Artigo 9. Comunicación.
5. Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume non marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU.
6. Manual de Comunicación para Xestores e Beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
7. Manual de Comunicación para Xestores e Beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (MINCOTUR).
8. Manual de identidade visual do Plan de Recuperación, Transformación e

Resiliencia.

9. Calquera outra normativa que poda resultar de aplicación.

8. VIXENCIA

Este convenio iniciará a súa vixencia o día da súa firma e rematará na data de formalización da acta de entrega do último dos traballos obxecto desde Convenio, e en todo caso o último día de vixencia do Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume no marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU, ou en data posterior de realizarse a prórroga do dito convenio coa Axencia Turismo de Galicia.

9. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. O presente convenio quedará suxeito ao disposto non "Real Decreto 36/2020 polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da

Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia” , ou “Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia”, “Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, “Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia” , “ Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguemento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia” así como o disposto no instrumento xurídico que regula a xestión do PSTD Fragas do Eume.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de presidencia número 21793 de 7 de maio de 2025.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. Xosé Regueira Varela

O REPRESENTANTE DO CONCELLO DE
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Asdo. Valentín González Formoso

O SECRETARIO XERAL DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. Miguel Iglesias Martínez